

Actividades para proxectos | Bloque 3: Interacción. FORMACIÓN PROFESIONAL

FP Grao Medio e Grao Superior. 16 a 20+ anos

eTwinning Journal – Diario de aprendizaxe dixital

	Formación Profesional 16 a 20+ anos
	Nivel Básico
	Temporalización 6 sesións
	Socios 2-4 socios

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

Os estudantes, individualmente ou por equipos crean diarios de aprendizaxe dixitais. Nestes diarios describíense tarefas relacionadas coa súa futura profesión. Nun marco

dixital común, contrástanse os procedementos coa finalidade de mellorar en colaboración o seu perfil profesional.

OBXECTIVOS DA ACTIVIDADE

1. Impulsar a creatividade e a autonomía na creación e xestión de diarios dixitais
2. Compartir perfís profesionais con estudantes doutros centros
3. Fomentar a colaboración, a comunicación e o espírito crítico do alumnado socio

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

Durante o curso escolar, o alumnado de formación profesional realiza un gran número de procedementos que lle axudan a adquirir e mellorar determinadas competencias profesionais, persoais, sociais, lingüísticas e dixitais. O escenario de ensinanza-aprendizaxe pode ser a aula, o obradoiro, o laboratorio e tamén espazos exteriores ao centro educativo, como empresas que se visitan durante o período lectivo.

Coñecer e contrastar procedementos realizados por outros estudantes mesmo en diferentes países así como en empresas o institucións onde traballarán no futuro, axuda a mellorar o seu perfil competencial.

É importante que os estudantes teñan a autonomía dabondo para decidir que imaxes, escenas, materiais, texto e voz inclúe nas súas creacións e así ser os protagonistas da súa aprendizaxe.

Fase 1: Preparación

Paso 1: Creación dunha conta e dunha canle de vídeos do proxecto

Co fin de ter gardados no mesmo espazo virtual todos os produtos dixitais creados polos equipos dun proxecto, créase unha conta de correo electrónico coa que se realiza o rexistro en todas as ferramentas das tecnoloxías da información e da comunicación (en diante, TIC) que se vaian empregar.


Con esa conta pódese abrir unha canle de vídeos para que o proxecto permita o acceso público ás súas creacións ou mediante unha ligazón, permita o acceso aos vídeos a quen estime oportuno.

Titorial: [Creación de conta de Google e dunha canle de vídeo](#)

Paso 2: Creación de páxinas e subpáxinas no TwinSpace

No TwinSpace do proxecto créase unha páxina co nome de “Diario de aprendizaxe”.

Titorial: [Creación e xestión de páxinas no TwinSpace](#)



Paso 3: Registro do alumnado socio no TwinSpace do proxecto

Rexístrase ao alumnado do proxecto no TwinSpace e asígnaselle o rol de estudante administrador a aqueles estudantes que van xestionar os diarios no proxecto.

Tutorial: [Registro de alumnado e asignación de rol no TwinSpace](#)

Figura: Estudiantes rexistrados no TwinSpace

Name	Role	Country	City	School	Last login	Actions
gr.garcia bo	Student	Orizaba			08.03.2017 09:57	Details
gr.boarito pa	Student	Orizaba			16.02.2017 10:43	Details
gr.kabrera ma	Student	Orizaba			03.09.2017 09:58	Details
gr.kabrera mt	Student	Orizaba			28.03.2017 09:58	Details
gr.michale pa	Student	Orizaba			03.09.2017 10:02	Details
gr.rock ma	Student	Orizaba			28.03.2017 10:59	Details
gr.parragallo bo	Student	Orizaba			03.09.2017 09:57	Details
gr.sosa mt	Student	Orizaba			28.03.2017 10:58	Details
gr.abaroadra pa	Student	Orizaba			08.03.2017 09:58	Details
gr.thomas bo	Student	Orizaba			08.03.2017 11:50	Details
gr.thompson bo	Student	Orizaba			28.03.2017 10:50	Details
gr.varegillo ma	Student	Orizaba			21.03.2017 10:50	Details
gr.varegillo ma	Student	Orizaba			28.03.2017 10:56	Details
gr.zola bo	Student	Orizaba			28.03.2017 10:50	Details

Fase 2: Creación e xestión de materiais para os diarios de aprendizaxe


Paso 4: Creación e subida de imaxes a un álbum en MATERIAIS do TwinSpace

O alumnado garda no álbum creado no espazo de “materiais”, as imaxes que creou durante o procedemento que van ser incluídas no portafolio dixital ou diario de aprendizaxe.

Creación e xestión de carpetas no TwinSpace en materiais: imaxes e vídeos

Tutorial: [Xestión de produtos dixitais no TwinSpace](#)

Figura: Álbum de imaxes do procedemento ou tarefa



Paso 5: Creación de videotutoriais curtos

Suxírese a creación dunha reportaxe en forma de vídeo tutorial cunha tarefa concreta que se realice no centro. Isto lévase a cabo por estudantes socios dun equipo internacional.

Nestes vídeos tutoriais curtos pódese gravar a realización dalgún procedemento ou a explicación de parte de contido dalgunha materia para contrastar o material utilizado, a técnica e os resultados.

É importante que o alumnado sexa o protagonista do vídeo para que así coide a súa realización e coñeza en profundidade o procedemento. En sesións de grupo, decídese que imaxes e gravacións incluír así como o texto e os que gravarán a voz.

É un xeito de traballar en equipo e obter unha evidencia da súa aprendizaxe que pode ser tanto autoavaliada coma contrastada con outros equipos.

Hai que recordar que:

1. As imaxes han de ser de elaboración propia, o que fomenta a creatividade do alumnado
2. As imaxes poden ser de almacéns de imaxes libres
<https://pixabay.com/es/>
3. Se non son da nosa propiedade ou non son libres, hai que citar a fonte

Precísase unha ferramenta dixital doada para a creación de vídeos curtos nos que se grava o que acontece na pantalla do equipo. Unha aplicación pode ser Screencast-o-matic ou similar.

Para acceder á ferramenta dixital: <https://screencast-o-matic.com/>

Tutorial: [Como crear vídeos con Screencast-o-matic en castelán](#)


Paso 6: Subida dos vídeos tutoriais á carpeta de Materiais-Vídeos

Unha vez creados os videotutoriais

Tutorial: [Xestión de vídeos no TwinSpace](#)

Ligazón á pantalla do TwinSpace con vídeos curtos creados con Screencast-o-matic

Figura: Videotutoriais aloxados na carpeta de tarefas do diario



O contido destes videotutoriais pode ser, por exemplo, algún procedemento sinxelo como:

- Lavado de mans con solución hidroalcohólica: (Autora: Amparo Llopis) https://www.youtube.com/watch?time_continue=37&v=ajVBud3gAYM
- Colocación e retirada de guantes estériles: (Autora: Ana Olmos) <https://www.youtube.com/watch?v=hQKE9yyz3II>

Fase 3: Creación de diarios de aprendizaxe en forma de portafolio dixital

Paso 7: Rexistro nunha ferramenta TIC para crear un diario de aprendizaxe

O diario preséntase en forma de blog sinxelo. A ferramenta TIC pode ser Blogger ou similar cuxa ligazón é <https://www.blogger.com/>

Pode rexistrarse unha entrada no blog en cada sesión para deixar constancia da evolución da aprendizaxe ou unha entrada cando o vídeo tutorial estea rematado e visado polo profesorado. Creouse un blog coa conta e claves comúns do proxecto do paso 1.

Titorial: [Como crear un blog como diario de aprendizaxe](#)

Figura: Diario de aprendizaxe como e-portafolio ou portafolio dixital



Fase 4: Comunicación de cada equipo no foro do TwinSpace


Paso 8: Creación dun foro para cada equipo

Para comunicarse coas persoas do equipo internacional de maneira afectiva e efectiva na configuración do proxecto, ábrese un foro por equipo. No foro achéganse as suxestións e decídense os produtos que formarán parte do diario de aprendizaxe dixital.

Pode consultarse a información de eTwinning sobre a xestión de foros:

Titorial: [Xestión de foros no TwinSpace](#)

Ligazóns ao espazo de adestramento de etwinning onde se atopa o foro de comunicación dun equipo simulado dun proxecto etwinning.



Paso 9: Creación dun espazo de reflexión colaborativa sobre os diarios dixitais

Compártense os diarios de aprendizaxe e a súa reflexión en paneis virtuais.

Unha ferramenta doada é Linoit, á que se accede coa ligazón: <http://en.linoit.com/>

Estes diarios de aprendizaxe pódense compartir en paneis que fan máis visual e dinámica a comunicación entre os estudantes e o intercambio de opinións sobre os procedementos, así como permite compartir ligazóns, arquivos, imaxes e suxestións.

Titoriais de Linoit:

<http://www.educacontic.es/blog/crear-corchos-virtuales-con-lino-it>

<http://carolinauniversidad.blogspot.com/2014/11/como-utilizar-lino-it.html>

<https://www.youtube.com/watch?v=KR0EvW4l1Yw>

O panel presenta esta aparencia que se amosa na figura:



<http://en.linoit.com/>

<http://linoit.com/users/docentefp/canvases/Tablon%20del%20equipo%20etwinning>

Paso 10: Ligazón ao panel na páxina do TwinSpace

O alumnado socio pode acceder ao panel desde o TwinSpace xa que se enlaza na páxina como se amosa na figura:



PRODUTO(S)/RESULTADO(S) ESPERADO(S)

1. Conta de correo electrónico e canle de vídeo do proxecto
2. Videotutoriais de procedementos dos equipos
3. Diario dixital de aprendizaxe como e-portafolio ou portafolio dixital tipo Blog.
4. Foro activo de comunicación.
5. Panel para compartir materiais e opinións.

FERRAMENTAS DO TWinspace/FERRAMENTAS 2.0 EXTERNAS

Ferramentas de creación de contas de correo electrónico <https://mail.google.com>

Ferramentas de creación de canles de vídeo <https://www.youtube.com/>

Ferramenta libre de edición de videotutoriais: <https://screencast-o-matic.com/>

Ferramenta para o diario de aprendizaxe ou portafolio dixital
<https://www.blogger.com>

Ferramenta virtual para compartir información tipo panel <http://en.linoit.com/>



Servizo Nacional de Apoio eTwinning | Proxectos de Colaboración Escolar en Europa | [Instituto Nacional de Tecnoloxías Educativas e de Formación do Profesorado](#) | [Ministerio de Educación e Formación Profesional](#)

C/ Torrelaguna, 58, 1ª planta, despacho 112. 28027 Madrid Tel.: 913 778 377

[Aviso Legal](#)

